

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE PORTO DO SON NO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA UNHA REFORMA NO CENTRO DE SAÚDE DE PORTO DO SON

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou, o día 5 de setembro 2025, co Concello de Porto do Son o instrumento convencional arriba referido, que entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 29 de decembro de 2025

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Porto do Son para o financiamento das obras de reforma do centro de saúde de Porto do Son, de titularidade municipal.

As obras de reforma inclúen os seguintes traballos principais:

- Na cuberta, realizarase unha limpeza e saneamento completos. Isto implica o lavado da parte traseira do tellado e a reposición de tellas rotas. Na zona dianteira, levantarase as tellas para eliminar musgo e herbas daniñas, limparanse, volverán colocar con ganchos e substituiranse as pezas danadas ou ausentes. Ademais, impermeabilizaranse as chemineas.
- A fachada traseira tamén será tratada en profundidade. Sanearanse as cubricións de xanelas, tratando as baleas de ferro expostas e recubrindoas con morteiro hidráulico. Selaranse as xuntas de xanelas e cristais, e substituiranse as agarradoiras rotas. A fachada lavarase a presión e impermeabilizarase.
- Finalmente, rematarase a cubrición da entrada principal, tratando previamente as baleas de ferro, aplicando morteiro hidráulico, unha man de fixador e tres de pintura elástica .

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

O artigo 1 do Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da

Consellería de Sanidade, determina que esta é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como do exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde.

Así mesmo, o artigo 1 do Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, determina que este é o organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, configurado para o axeitado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións públicas mediante fórmulas que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que, neste caso, se concreta no presente convenio de colaboración.

Debido ao interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación e a fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas adicadas á atención asistencial á cidadanía no concello, faise necesario acometer unhas obras de reforma no centro de saúde de Porto do Son.

Tal e como se pon de manifesto no orzamento achegado polo concello, o Centro de Saúde de Porto do Son require dunhas actuacións para protexer a estrutura da humidade e limpeza da cuberta para prolongar deste xeito a súa a vida útil.

Por todo o anterior, faise preciso esta intervención que busca por unha banda mellorar a impermeabilización a toda a fachada traseira e pola outra, realizar as labores de limpeza na cuberta. Ambas accións son fundamentais para manter en óptimas condicións as infraestruturas do centro, asegurando un ambiente máis seco e comfortable para todos os usuarios.

O Servizo Galego de Saúde considera que o concello é a entidade idónea para a percepción desta axuda de carácter singular e excepcional por razóns de interese público, non sendo posible promover a concorrència pública.

A subvención que se outorga a través deste convenio incardínase dentro do obxectivo estratéxico 01.04.05, "*Modernizar e mellorar as infraestruturas e o equipamento sanitario de alta tecnoloxía e facer os nosos centros sanitarios enerxicamente máis eficientes, promovendo a*



economía circular e o respecto ao medio ambiente", previsto no Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, aprobado polo Consello da Xunta en data 10.03.2022.

Conscientes da dita necesidade, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado. Por iso, e a fin de levar adiante as citadas obras de reforma, é necesario a concorrencia de vontades de ambas as dúas partes interesadas, polo que é preciso determinar o contido da dita colaboración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

